



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



## **Acta da Xunta de Escola ordinaria do 17 de decembro de 2008**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 17/12/2008.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 17/12/2008.
- III. Memoria do “Máster Universitario en Tecnología Medioambiental”.
- IV. Solicitudes de informe de actividade docente.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 9 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria do 17 de outubro de 2008 e extraordinarias do 30 de outubro, 12 de novembro e 3 de decembro de 2008.**

A Xunta de Escola aproba por asentimento as actas das sesións celebradas os días 17/10/08 e 12/11/08.

Apróbase así mesmo a acta da sesión celebrada o 3/12/08, logo de incluír en dita acta un anexo coas modificacións realizadas na memoria do “Master Universitario en Tecnología Medioambiental” que foi aprobada na sesión da xunta de escola celebrada o 30/10/08.

### **2. Informe do Director.**

O director informa sobre:

A Sala de Xuntas dispón de novo mobiliario con cambio de cadeiras e mesas, con practicables que dispoñen de conexión eléctrica, video, internet, etc. O anterior mobiliario distribuíse pola escola.



Universidade de Vigo

## *Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



Agradécese á SMG a organización da exposición “A minería do wolframio en Galicia” cofinanciada entre outros pola ETSE de Minas.

Xa está en marcha un servizo de préstamo de ordenadores portátiles no centro coa súa correspondente normativa de uso e ficha de solicitude publicada na web do centro. O software instalado corresponde co das aulas informáticas.

A páxina web do centro xa esta dispoñible en inglés ademais de en galego e castelán. Tamén se incluíu un buscador.

Respecto ao curso sobre a plataforma TEMA organizado na escola, este tivo poucos participantes. Se tratará de organizar un curso avanzado nesta materia.

A Semana da Ciencia deste ano foi un éxito con aproximadamente 800 asistentes. O único incidente foi a coincidencia coa folga do servizo de limpeza. Agradéceselle a todos os participantes a súa dedicación.

Organizouse por segundo ano consecutivo o ciclo de conferencias con motivo da festividade de Santa Bárbara cun total de 11 conferencias realizadas por ex-alumnos do centro, e cun total de 27 alumnos participantes. Agradécese a Natalia Caparrini Marín a organización.

No acto oficial do propio día de Santa Bárbara houbo poucos participantes e contou coa presenza do Director e Subdirector Xeral de Industria, representantes da Cámara Mineira e representantes laborais. O acto foi moi cercano ao ámbito da escola, e se agradece aos asistentes a súa presenza no mesmo.

### **3. Aprobación, se procede, da proposta da memoria do “Máster Universitario en Tecnología Medioambiental”.**

A memoria do “Máster Universitario en Tecnología Medioambiental” estivo depositada no Negociado de Asuntos Xerais para a súa consulta polos membros da Xunta de Escola, e se achega como anexo III a esta acta.

Sométese á votación, e se aproba co seguinte resultado:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 2

Abstencións: 11



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



**4. Aprobación, se procede, da modificación do programa dunha materia para o curso 2008-2009.**

Se presenta o programa docente da materia de cuarto curso “Laboreo e explosivos” para este curso 2008-2009, no que se corrixiron uns erros que figuraban no programa desta materia anteriormente aprobado.

Apróbase por asentimento o programa presentado.

**5. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente (quinquenios).**

A Xunta de Escola acorda informar favoravelmente sobre a actividade docente dos profesores que de seguido se relacionan dentro dos períodos indicados:

NOME	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Aida Badaoui Fernández	Mecánica dos medios continuos e teoría de estruturas	Enxeñaría dos materiais mecánica aplicada e construción	1996/2006
Antonio Barreiro Blas	Enxeñaría de sistemas e automática	Enxeñaría de sistemas e automática	2004/2008
Rafael Barrionuevo Giménez	Tecnoloxía do medio ambiente	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	2003/2008
Mohamed Boutinguiza Larosi	Física aplicada	Física aplicada	1997/2001
Ángeles Cancela Carral	Enxeñaría química	Enxeñaría química	1997/2008
Natalia Caparrini Marín	Investigación e prospección mineira	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	2001/2008
José Manuel Cruz Freire	Enxeñaría química	Enxeñaría química	2000/2005
José Bienvenido Diez Ferrer	Estratigrafía	Xeociencias mariñas e ordeación do territorio	2003/2008
Mª Eva Diz Comesaña	Organización de empresas	Organización de empresas e marketing	30-11-94 / 30-11-2004
Emilio Faro Rivas	Matemática aplicada	Matemática aplicada	2003/2008
Mikel Goicoechea y Gandiaga	Proxectos de enxeñaría	Deseño na enxeñaría	2004/2008
Enrique Granada Álvarez	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	2003/2008
Jorge Marcos Acevedo	Tecnoloxía electrónica	Tecnoloxía electrónica	xaneiro 2003 / xaneiro 2008
Alberto Martín Méndez	Matemática aplicada	Matemática aplicada	1994/1995



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas**  
**Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



NOME	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Andrés Augusto Nogueiras Meléndez	Tecnoloxía electrónica	Tecnoloxía electrónica	21-11-1995 / 20-11-2005
Enrique Orche García	Prospección e investigación mineira	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	01-10-2003 / 30-09-2008
Concepción Paz Penín	Mecánica de fluídos	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	novembro 1995 /decembro 2005
Gerardo Manuel Peláez Lourido	Enxeñaría mecánica	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	2003/2008
Jacobo Porteiro Fresco	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	2001/2006
Lorenzo Rodríguez Comesaña	Comercialización e investigación de mercados	Organización de empresas e marketing	1995/2008
Ángel Manuel Sánchez Bermúdez	Enxeñaría química	Enxeñaría química	2004/2008
Estela Sánchez Rodríguez	Estatística e investigación operativa	Estatística e investigación operativa	2004/2008
José Antonio Sueiro Domínguez	Enxeñaría eléctrica	Enxeñaría eléctrica	28-10-1996 / 28-10-2006
Javier Taboada Castro	Explotación de minas	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	01-10-2003 / 30-09-2008
Salvador Villagrasa Marín	Ciencia de materiais	Enxeñaría dos materiais mecánica aplicada e construción	2003 / 2008

Así mesmo acorda emitir informe favorable do profesor Don Camilo Quintáns Graña, da área de Tecnoloxía Electrónica, sobre a súa docencia no período 2000/2008, para presentar perante a ANECA e a ACSUG.

## 6. Rolda aberta de intervencións.

Antonio Correa indica que, en relación ao gasto enerxético do centro, a porta de entrada roza contra o chan e queda permanentemente aberta así como que os termostatos das aulas non funcionan. Por outra banda manifesta que segue a haber alumnos que fuman no centro coas portas abertas e que en días soleados todas as luces permanecen encendidas.

Javier Puga expresa que desde delegación de alumnos tratarase de minimizar este problema. Por outra banda, agradece o trato dispensado desde a Xunta de Escola e a dirección do centro, e indica o seguinte:

- o En xaneiro se renovarán os cargos dentro da delegación, dos que serán informados a Xunta de Escola e a Dirección.



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



- o A delegación ten levado a cabo varias iniciativas durante o ano 2008 e colaborou coa dirección do centro.
- o Este ano se realizaron maiores esforzos na organización da festividade de Santa Bárbara.
- o A delegación de alumnos colaborou coa SMG na exposición sobre “A minería do wolframio en Galicia”.
- o Neste ano puxeron a punto a web <http://www.daminas.org>, donde están colgados apuntes e exames.
- o A delegación está presente por primeira vez no Consello de Goberno da Universidade, donde a primeira iniciativa foi a solicitude de convocatoria de bolsas de colaboración específicas para Enxeñaría de Minas, que antes estaban compartidas con Industriais.

Enrique Orche pregunta se se poden evitar os olores a comida no edificio.

Finalmente, Pedro Arias anuncia que se vai celebrar un pincho de Nadal no vestíbulo da escola, ás 13:45 de hoxe.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 52 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, dezasete de decembro de dous mil oito.

Vº e Prace  
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 17/12/2008**



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 17/12/2008**



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



**Asistentes Xunta de Escola 17/12/2008**

<b>PROFESORES</b>	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejandro Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Bajo Palacio, Ignacio
6.	Barrionuevo Giménez, Rafael
7.	Cabeza Simó, Marta María
8.	Caparrini Marín, Natalia
9.	Cerdeira Pérez, Fernando
10.	Correa Otero, Antonio
11.	Díez Ferrer, José Bienvenido
12.	García Bastante, Fernando
13.	González Rodríguez, Elena
14.	Lanaja del Busto, José María
15.	Orche García, Enrique
16.	Ordóñez Galán, Celestino
17.	Rivas Brea, Teresa
18.	Saavedra González, María Ángeles
19.	Taboada Castro, Javier
20.	Vázquez Dorrío, José Benito
21.	Vijande López, Javier
<b>ALUMNOS</b>	
1.	Blanco Bello, Miguel
2.	García Silva, Ángela
3.	Giráldez Moreira, Raúl
4.	González Fernández, Manuel Alejandro
5.	Puga Alonso, Javier
6.	Veleiro Pinal, Iván
<b>PAS</b>	
1.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>45</b>
<b>Asistentes</b>	<b>28</b>

Excusan a súa asistencia:

- Lino José Álvarez Vázquez
- Aida Badaoui Fernández
- Camilo Carrillo González
- José María Correa Otero
- José Durany Castrillo
- Alfonso Mandado Vázquez





Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO III**

**Memoria do “Máster Universitario en Tecnología  
Mediambiental”**



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



## **ANEXO IV**

### **Solicitudes de informes sobre actividade docente**